

## PRIMEIRO CICLO DA ESO 1º XOGO. 7/11/2011

María volveu a Chapela, onde vivira había anos, e atopouse con Fita, unha vella coñecida.

Despois de saudarse e recordar vellas amizades teñen a seguinte conversa:

**MARÍA:** E téns fillos?

**FITA:** Si, teño tres nenas.

**MARÍA:** E que tempo che teñen?

**FITA:** Pois a ver se o averiguas. Se multiplicas as súas idades dá 36 e se sumas as súas idades dá o número dese portal que temos diante.

María parouse a pensar un pouco e botar unhas contas e logo díxolle:

**MARÍA:** Polos datos que me dás non teño as idades, fáltame un dato.

**FITA:** Perdoa María, non che dixen que a maior **leva sempre unha gorra do Clube de Remo de Chapela.**

**MARÍA:** Ah!, nese caso xa sei as súas idades.

**¿Podes ti dicir cales son as idades das tres fillas de Fita xustificando a resposta?**

